



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA SECRETARÍA GENERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA UNIVERSIDAD DE LA REPÚBLICA, PARA LA DOCENCIA, LA INVESTIGACIÓN Y LA PROMOCIÓN DE LA LENGUA, LA LITERATURA Y LA CULTURA GALLEGAS

28 SET. 2007

Reunidos:

. María Sol López Martínez, Secretaria General de Política Lingüística que actúa en representación de la Xunta de Galicia, conforme a lo estipulado en la letra b de la disposición adicional segunda del Decreto 44/2006, del 2 de marzo (DOG núm. 53, del 16 de marzo), de estructura orgánica de los órganos superiores dependientes de la Presidencia de la Xunta de Galicia.

. Rodrigo Arocena Linn, Rector de la Universidad de la República, en nombre y en representación de la Universidad, que actúa de conformidad con lo dispuesto en el artículo 26 literal b de la Ley Nº 12.549 (Orgánica de la Universidad de la República), del 27 de octubre de 1958.

Manifiestan:

1. La Xunta de Galicia (en adelante, Xunta), a través de la Secretaría General de Política Lingüística (en adelante, SGPL), promueve la enseñanza de la lengua, la literatura y la cultura gallegas. En este sentido, una de las líneas de actuación sobre la que incide especialmente la SGPL es la de promoción del gallego en el exterior. Para esto, se suscriben convenios con aquellas universidades de prestigio que están interesadas en incluir en sus planes de estudio la enseñanza de la lengua gallega. En cada una de estas universidades se crea el Centro de Estudios Gallegos como órgano de referencia para la canalización de las actividades de promoción, enseñanza e investigación de la lengua, la literatura y la cultura gallegas, incluso en ámbitos extrauniversitarios.
2. La Universidad de la República (en adelante, UdelaR) ratifica su interés en continuar con la relación de colaboración que, desde el año 1996, mantiene con la Xunta de Galicia y que posibilitó la incorporación a los planes de estudio de la Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación de la enseñanza de la lengua, la literatura y la cultura gallegas, como cursos optativos.



Por lo expuesto, y con la finalidad de establecer un marco de colaboración entre la Xunta de Galicia y la Universidad de la República en la promoción de la lengua, la literatura y la cultura gallegas, las partes suscriben cuatro ejemplares de este convenio (dos en gallego y dos en castellano), que recoge los siguientes

Acuerdos:

Primero.- *Compromisos de la UdelaR*

- A) Darle continuidad a la enseñanza de la lengua, la literatura y la cultura gallegas en los planes de estudio de la Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, como cursos optativos.
- B) Organizar actividades relacionadas con la investigación, promoción y difusión de la lengua, la literatura y la cultura gallegas, tales como conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposiciones, etc., tanto en el ámbito universitario como en su área de influencia.
- C) Acoger al(la) lector(a) de lengua, literatura y cultura gallegas. Este(a) lector(a) será nombrado(a) por el(la) titular de la Secretaría General de Política Lingüística, conforme a la propuesta elevada por la Comisión de Valoración encargada de evaluar los méritos de los solicitantes que participen en la convocatoria que, para tal efecto, se publique en el *Diario Oficial de Galicia*. El responsable del Centro de Estudios Gallegos será uno de los miembros de esta Comisión de Valoración en representación de la propia UdelaR.

El(la) lector(a), bajo la dirección del responsable del Centro de Estudios Gallegos, en permanente coordinación y colaboración con este y como complemento de su actividad formativa, colaborará con la UdelaR en la consecución de los objetivos marcados en las letras A y B de este acuerdo primero.

La UdelaR, respetando su propia normativa, facilitará al(la) lector(a) la utilización de un despacho; le permitirá el uso de aquellas instalaciones universitarias que se encuentren a disposición del profesorado para el desenvolvimiento de su labor docente; le facilitará el acceso a los medios informáticos, reprográficos, videográficos, bibliográficos, etc., que precise para cumplir adecuadamente con su cometido; asimismo, le prestará el asesoramiento y orientación que precise sobre aquellas obligaciones de carácter burocrático que deba cumplir.



- D) Adquirir el material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar las acciones recogidas en los puntos A y B de este acuerdo primero.

El responsable del Centro de Estudios Gallegos, en colaboración con el(la) lector(a), está obligado a catalogar e inventariar todo el material, no fungible, que sea adquirido con cargo a la subvención de la Xunta de Galicia. En la memoria anual, que para cada curso académico está obligado a presentar en la SGPL, incluirá una relación, debidamente detallada, de este material.

Segundo.- *Compromisos de la SGPL*

La Xunta de Galicia, a través de la SGPL, colaborará en la realización de las acciones previstas en el acuerdo primero con una contribución económica de **cinco mil ochocientos treinta y un euros con treinta y seis céntimos (5.831,36 €)**, con cargo a los presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia, de acuerdo con la siguiente distribución:

- **Tres mil ochocientos treinta y un euros con treinta y seis céntimos (3.831,36 €)**, se destinarán a la bolsa del/la lector/a.
- **Dos mil euros (2.000,00 €)**, le serán transferidos a la UdelaR para sufragar el resto de los gastos que se deriven de la aplicación del acuerdo primero.

Para una mejor gestión de los recursos económicos, la cuantía de la bolsa del(la) lector(a), que se imputará a la partida presupuestal 04.60.151A.480.2, le será abonada directamente por la SGPL, mediante liquidaciones mensuales, luego de la certificación del(la) titular de la SGPL, que acredite que cumplió, en el período indicado, con los objetivos previstos en el acuerdo primero.

El libramiento de los importes que hay que transferirle a la UdelaR, que se imputarán a la partida presupuestal 04.60.151A.790.0, se hará de la siguiente manera:

- Un primer pago, equivalente al 50% de la cantidad prevista, cuando se cumplan los siguientes requisitos:
 - Que el convenio esté suscrito y en vigor.
 - Que el Centro de Estudios Gallegos le remita a la SGPL una programación con las actividades previstas para el último trimestre de 2007. Esta programación estará suscrita por su responsable y por el(la) lector(a).



- Un segundo pago, por el restante 50%, una vez que la UdelaR le remita a la SGPL, antes del 30 de diciembre de 2007, la siguiente documentación:
 - Una certificación, redactada en gallego o traducida al mismo, expedida por el responsable del Centro de Estudios Gallegos o por el titular del órgano que tenga atribuidas las facultades de control presupuestal, en la que se acredite la realización de las acciones previstas en este convenio, así como, la justificación de la inversión de la totalidad de la subvención en la realización de dichas acciones y el pago efectivo de dichas inversiones.
 - Una declaración del conjunto de las ayudas solicitadas, tanto las aprobadas o concedidas como las pendientes de resolución, para este mismo proyecto, de las distintas administraciones públicas o de sus entidades vinculadas o dependientes.

Si, por cualquier circunstancia, la UdelaR no justifica la totalidad de la subvención anual, la SGPL procederá a aminorar el importe del segundo pago, de tal forma que la suma de los dos se corresponda con la cantidad total justificada. En ningún caso se podrá incorporar al ejercicio siguiente el importe de la subvención que no se justificase.

Tercero.- *Centro de Estudios Gallegos*

Dentro de la UdelaR, el Centro de Estudios Gallegos será el órgano de referencia en todas aquellas actividades que se desenvuelvan en aplicación de los acuerdos de este convenio.

Como responsable de este figurará el profesor doctor Carlos Zubillaga quien, dada su vinculación con la UdelaR, actuará como la persona de enlace entre ésta y la SGPL. Se responsabilizará de todos aquellos trámites que sean precisos entre ambas instituciones, velará por el cumplimiento de los acuerdos recogidos en este convenio y deberá poner en inmediato conocimiento de las partes aquellos incumplimientos que, a su parecer, se estén produciendo.

Antes del fin del presente año, este responsable remitirá, en soporte informático y escrito, a la SGPL una memoria redactada en gallego sobre las actividades llevadas a cabo en cumplimiento de las acciones previstas en el acuerdo primero de este convenio.

Si, por cualquier causa fuese preciso sustituir al responsable del Centro de Estudios Gallegos, se procederá a nombrar, de común acuerdo entre ambas instituciones, una nueva persona al frente de este.



Cuarto.- *Control*

Los servicios técnicos de la SGPL seguirán y supervisarán la realización de las acciones acordadas en este convenio. En caso de apreciarse incumplimientos, podrán formular al respecto los reparos que consideren oportunos. De no proceder la UdelaR a corregir los defectos señalados, se considerará que hubo incumplimiento del convenio y este podrá ser resuelto mediante comunicación escrita y fidedigna a la otra parte. Las funciones de control precedentemente señaladas no obstan a las que, por disposición de su propia normativa, corresponden a la UdelaR respecto de todos los servicios que la integran.

La SGPL reserva para sí el derecho de solicitar toda la documentación que considere necesaria en relación con la justificación del cumplimiento de este convenio.

Asimismo, la UdelaR –en cuanto sea pertinente al cumplimiento del presente convenio y conforme a la normativa uruguaya vigente– está obligada a facilitar toda la información que le sea requerida por la Intervención General de la Comunidad Autónoma, el Tribunal de Cuentas y el Consejo de Cuentas, en el ejercicio de sus funciones de fiscalización y control del destino de las ayudas públicas.

Toda alteración de las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de la subvención contenida en este convenio y, en su caso, la obtención concurrente de subvenciones o ayudas otorgadas por otras administraciones o entes públicos o privados, nacionales o internacionales, podrá dar lugar a la modificación del presente convenio.

Quinto.- *Vigencia*


Este convenio permanecerá vigente durante el período comprendido entre el 1 de octubre de 2007 y el 31 de diciembre de 2007, y no es posible su prórroga.

Sexto.- *Causas de resolución*

El presente convenio se resolverá:

- Por incumplimiento total o parcial de alguno de los acuerdos que en él se recogen.
- Por el transcurso del tiempo estipulado sin que se culminen las acciones acordadas.
- Por mutuo acuerdo de las partes.
- Cuando alguna de las partes, por causa sobrevenida, lo considere lesivo para sus intereses.

En cualquier caso, el acuerdo de resolución del convenio debe venir precedido de su denuncia por alguna de las partes, formulada, por lo menos, con un mes de antelación.



De ser resuelto el convenio, la SGPL exigirá, de ser el caso, el reintegro total o parcial, según corresponda, de las cantidades indebidamente recibidas más sus correspondientes réditos.

Séptimo.- Responsabilidad

La suscripción de este convenio no implica relación laboral o de naturaleza similar entre las personas que vayan a desarrollar las acciones previstas en el acuerdo primero y la Xunta de Galicia, de tal forma que a esta no se le puede exigir ninguna responsabilidad –ni directa, ni indirecta, ni subsidiaria– por los actos o hechos acaecidos en el desarrollo del convenio.

Octavo. Solución de controversias

Las posibles discrepancias en la aplicación y/o interpretación de los acuerdos de este convenio se resolverán mediante el diálogo directo entre las partes o por la Comisión de Seguimiento, constituida por dos representantes de la SGPL, nombrados por su titular, uno de los cuales actuará como presidente, y dos miembros de la UdelaR, nombrados por el Rector. En caso de no llegar a acuerdo, las partes someterán sus diferencias a la decisión inapelable de un árbitro nombrado de común acuerdo.

Noveno.- Colaboraciones externas

La subvención regulada en este convenio es totalmente incompatible con la percepción de cualquier otra contribución económica para la misma finalidad.

A este respecto, la SGPL y la UdelaR podrán incorporar, siempre con la conformidad de la otra parte, otras entidades o instituciones para colaborar, participar y financiar acciones relacionadas con el objeto de este convenio. No obstante, dicha financiación se invertirá en la realización de actividades no programadas o para incrementar la calidad de las previstas.

Décimo.- Publicidad

La suscripción del presente convenio supondrá el consentimiento expreso por parte de la UdelaR para que la Administración gallega incluya y haga públicos los datos referidos a dicho convenio, de conformidad con el artículo 11 de la Ley 4/2006, del 30 de junio, de transparencia y buenas prácticas en la Administración pública gallega y Decretos



126/2006, del 20 de junio, y 132/2006, del 27 de julio, por los que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, del 29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006.

Décimo primero.- Normativa de aplicación

El contenido de este convenio está elaborado al amparo de la siguiente normativa: Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones; Decreto legislativo 1/1999, del 7 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de régimen financiero y presupuestal de Galicia, de acuerdo con la modificación introducida por la Ley 14/2004, del 29 de diciembre, de medidas tributarias y de régimen administrativo; Decreto 287/2000, del 21 de noviembre, por el que se desenvuelve el régimen de ayudas y subvenciones públicas de la Comunidad Autónoma de Galicia; resolución de la Consejería de Economía y Hacienda, del 8 de abril de 1991, por la que se hace público el acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia, del 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con otros entes públicos y de colaboración con particulares; Ley 14/2006, del 28 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2007 y el Decreto 44/2006, del 2 de marzo, de estructura orgánica de los órganos superiores dependientes de la Presidencia de la Xunta de Galicia.

**La Secretaria General de
Política Lingüística**

María Sol López Martínez

**El Rector de la
Universidad de República**

Rodrigo Arocena Linn



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDAD DE
LA REPÚBLICA PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MÁIS A
PROMOCIÓN DA LINGUA, DA LITERATURA E DA CULTURA GALEGAS**

28 SET. 2007

Reunidos:

- María Sol López Martínez, secretaria xeral de Política Lingüística, que actúa en representación da Xunta de Galicia, conforme ao estipulado na letra b da disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo (DOG núm. 53, do 16 de marzo), de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Rodrigo Arocena Linn, Reitor da Universidad de la República, en nome e representación da universidade, que actúa de conformidade co disposto no artigo 26 literal b da Lei Nº 12.549 (Orgánica da Universidad de la República), do 27 de outubro de 1958.

Manifestan:

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en adiante, SXPL), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas. Neste sentido, unha das liñas de actuación sobre a que incide especialmente a SXPL é a da promoción do galego no exterior. Para isto, subscribíense convenios con aquelas universidades de prestixio que están interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino da lingua galega. En cada unha destas universidades créase o Centro de Estudos Galegos como órgano de referencia para a canalización das actividades de promoción, ensino e investigación da lingua, da literatura e da cultura galegas, incluso en ámbitos extrauniversitarios.
2. A Universidad de la República (en adiante, UdelaR) ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1996, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación aos plans de estudo da *Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación* o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como cursos optativos.

Polo exposto, e coa finalidade de establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidad de la República na promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, as partes asinan catro exemplares deste convenio (dous en galego e dous en castelán), que recolle os seguintes

Acordos:

Primeiro.- Compromisos da UdelaR.-

- A)** Darlle continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo da *Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación*, como cursos optativos.
- B)** Organizar actividades relacionadas coa investigación, promoción e difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.
- C)** Acoller ao/á lector/a de lingua, literatura e cultura galegas. Este/a lector/a será nomeado/a polo/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, conforme á proposta elevada pola Comisión de Valoración encargada de baremar os méritos dos solicitantes que participen na convocatoria que, para tal efecto, se publique no *Diario Oficial de Galicia*. O responsable do Centro de Estudos Galegos será un dos membros desta Comisión de Valoración en representación da propia UdelaR.

O/A lector/a, baixo a dirección do responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento á súa actividade formativa, colaborará coa UdelaR na consecución dos obxectivos marcados nas letras A e B deste acordo primeiro.

A UdelaR, respectando a súa propia normativa, facilitaralle ao/á lector/a a utilización dun despacho; permitirallo o uso daquelas instalacións universitarias que se atopen á disposición do profesorado para o desenvolvemento do seu labor docente; facilitaralle o acceso aos medios informáticos, reprográficos, videográficos, bibliográficos, etc. que precise para cumprir axeitadamente co seu cometido; así mesmo, prestarlle o asesoramento e orientación que precise sobre aquelas obrigas de carácter burocrático que deba cumprir.



- D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar as accións recollidas nos puntos A e B deste acordo primeiro.

O responsable do Centro de Estudos Galegos, en colaboración co/oa lector/a, está obrigado a catalogar e inventariar todo o material, non funxible, que sexa adquirido con cargo á subvención da Xunta de Galicia. Na memoria anual, que para cada curso académico está obrigado a presentar na SXPL, incluírá unha relación, debidamente detallada, deste material.

Segundo.- Compromisos da SXPL.-

A Xunta de Galicia, a través da SXPL, colaborará na realización das accións previstas no acordo primeiro cunha contribución económica de **cinco mil oitocentos trinta e un euros con trinta e seis céntimos (5.831,36 €)**, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:

- **Tres mil oitocentos trinta e un euros con trinta e seis céntimos (3.831,36 €)**, destinaranse á bolsa do/a lector/a.
- **Dous mil euros (2.000,00 €)**, seranlle transferidos á UdelaR para sufragar o resto dos gastos que se deriven da aplicación do acordo primeiro.

Para unha mellor xestión dos recursos económicos, a contía da bolsa do/a lector/a, que se imputará á partida orzamentaria 04.60.151A.480.2, seralle aboada directamente pola SXPL, mediante liquidacións mensuais, logo da certificación do/da titular da SXPL que acredite que cumpriu, no período indicado, cos obxectivos previstos no acordo primeiro.

O libramento dos importes que hai que lle transferir á UdelaR, que se imputarán á partida orzamentaria 04.60.151A.790.0, farase da seguinte maneira:

- Un primeiro pagamento, equivalente ao 50% da cantidade prevista, cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o convenio estea asinado e en vigor.
 - Que o Centro de Estudos Galegos lle remita á SXPL unha programación coas actividades previstas para o derradeiro trimestre de 2007. Esta programación estará asinada polo seu responsable e polo/a lector/a.



- Un segundo pagamento, polo restante 50%, unha vez que a UdelaR lle remita á SXPL, antes do 30 de decembro de 2007, a seguinte documentación:
 - Unha certificación, redactada en galego ou traducida ao mesmo, expedida polo responsable do Centro de Estudos Galegos ou polo titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, na que se acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como, a xustificación do investimento da totalidade da subvención na realización de ditas accións e o pagamento efectivo de ditos investimentos.
 - Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Se, por calquera circunstancia, a UdelaR non xustifica a totalidade da subvención anual, a SXPL procederá a minorar o importe do segundo pagamento, de tal xeito que a suma dos dous se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustifícase.

Terceiro.- Centro de Estudos Galegos.-

Dentro da UdelaR, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable deste figurará o profesor doutor Carlos Zubillaga quen, dada a súa vinculación coa UdelaR, actuará como persoa de enlace entre esta e a SXPL. Responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Antes do remate do presente ano, este responsable remitiralle, en soporte informático e escrito, á SXPL unha memoria redactada en galego sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas no acordo primeiro deste convenio.

Se, por calquera causa, fose preciso substituír ao responsable do Centro de Estudos Galegos, procederase a nomear, de común acordo entre ambas as institucións, unha nova persoa á fronte deste.

Cuarto.- Control.-

Os servizos técnicos da SXPL seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a UdelaR a corrixir os defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte. As funcións de control precedentemente sinaladas non obstan ás que, por disposición da súa propia normativa, corresponden á UdelaR respecto de todos os servizos que a integran.

A SXPL reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a UdelaR –en canto sexa pertinente ao cumprimento do presente convenio e conforme á normativa uruguaia vixente– está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do presente convenio.

Quinto.- Vixencia.-

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 31 de decembro de 2007, e non é posible a súa prórroga.

Sexto.- Causas de resolución.-

O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.



En calquera caso, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De ser resolto o convenio, a SXPL esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e máis os correspondentes xuros.

Sétimo.- Responsabilidade.-

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas no acordo primeiro e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Oitavo.- Solución de controversias.-

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da SXPL, nomeados polo/a seu/súa titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da UdelaR, nomeados polo reitor. De non chegar a acordo, as partes someterán a sus diferenzas á decisión inapelable dun árbitro nomeado de común acordo.

Noveno.- Colaboracións externas.-

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

A este respecto, a SXPL e máis a UdelaR poderán incorporar, sempre coa conformidade da outra parte, outras entidades ou institucións para colaborar, participar e financiar accións relacionadas co obxecto deste convenio. Non obstante, dita financiación investirase na realización de actividades non programadas ou para incrementar a calidade das previstas.



Décimo.- Publicidad.-

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso por parte da UdelaR para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos a dito convenio, de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e Decretos 126/2006, do 20 de xuño, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Undécimo.- Normativa de aplicación.-

O contido deste convenio está elaborado ao abeiro da seguinte normativa: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Secretaria Xeral de Política Lingüística O Reitor da Universidad de la República

María Sol López Martínez

Rodrigo Arocena Linn